



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública **DECLARA:**

Que este organismo autónomo formalizou con data 4 de marzo de 2019 un convenio de formación coa Universidade de Santiago de Compostela cunha vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre a Agasp e a USC para contribuír a realización e desenvolvemento do título universitario propio de “Diploma Superior en Criminoloxía” e facilitar a obtención deste título aos alumnos da Agasp de cara a facilitar a súa promoción interna e a carreira profesional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que no instrumento convencional que se asinou a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que estaba interesada en colaborar coa AGASP na realización de actividades formativas de interese mutuo, aportando a posibilidade de recoñecer validez académica universitaria á realización de cursos e programas de formación no marco das devanditas actividades e a AGASP, tal e como sinala o artigo 4 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, pola que se establece a estrutura orgánica da mesma, ten entre as súas funcións as de organizar programas de formación, actualización e especialización profesional para os membros dos corpos de seguridade, singularmente as policía locais e a policía de Galicia.

A USC, a través do Instituto de Criminoloxía (en adiante ICUS), imparte os estudos de Diploma Superior en Criminoloxía, titulación propia da USC.

Ambas partes estiveron de acordo en establecer unha colaboración nos aspectos que resulten de común interese relacionados coa formación e o recoñecemento de estudos e titulacións dentro do eido policial, incluíndo a participación conxunta en proxectos de formación de ámbito universitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Este convenio de colaboración foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data 6 de xuño de 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

